

MANIFESTO CÍRCULO SILENCIO – TINGLADO – O MUNDO QUE QUEREMOS

Celebramos este Círculo de Silencio especial, con motivo desta xornada para reflexionar sobre o MUNDO QUE QUEREMOS, que sen dúbida parecese pouco ao mundo que temos nestes momentos.

Vivimos un contexto internacional con múltiples e complexas crises, violencias e novas guerras, crise climática, aumento das emerxencias humanitarias, recorte xeneralizado de dereitos e de axudas internacionais vinculados ás novas políticas que están a implantar algúns líderes mundiais. O rearmamento dos países aumenta, no caso de España, os orzamentos en defensa subirán ata o 2% do PIB e conxélanse ou reducen os destinados á cooperación e aos servizos sociais.

Se seguimos nesta liña, encamiñámonos cara a un mundo máis desigual e inseguro, marcado pola lei do máis forte, con impactos humanos devastadores no curto e longo prazo. O multilateralismo (toma de decisións consensuada e negociada entre países) e a defensa de dereitos, son as mellores políticas de paz e seguridade fronte a un militarismo que ameaza a convivencia e acentúa as desigualdades en todo o planeta. Estamos nun momento clave a nivel mundial onde nos toca, a nós como sociedade civil, pero tamén aos nosos gobernantes, responder os desafíos globais: a crise ecosocial, o recorte de dereitos, o auxe do militarismo e as consecuencias da mobilidade forzosa de seres humanos obrigados a migrar.

Doenos especialmente o sufrimento das persoas de Ucraína e de Gaza. E de todas as que padecen a traxedia dunha guerra. As políticas de Putin, de Netanyahu, e de Trump, que nos seus primeiros 100 días de goberno violou dereitos humanos e puxo no punto de mira aos inmigrantes, ademáis de eliminar a tan necesaria colaboración de EEUU á cooperación internacional ou a súa saída dalgúns organismos multilaterais que protexen os dereitos humanos, ou a saúde, en todo o mundo. Unhas decisións e uns valores que transmiten unha mensaxe diametralmente oposta ao que hoxe defendemos nesta xornada. O seu mundo non é o que nós queremos.

As organizacións que aquí estamos reunidas pola **Rede Social Galicia Sur**: Cáritas, Proclade, Fundación Esplai, Entreculturas, Mans Unidas, Oxfam Intermón, Amnistía Internacional, Acción Verapaz e a Parroquia Cristo da Victoria, e moitas outras máis, cremos que ese reto dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible), esa axenda 2030 que marcou a ONU en 2015,

aínda é posible e podemos cambiar as desigualdades e inxustizas que padecen a maioría de persoas do noso planeta.

Queremos un mundo que poña ás persoas no centro, que defenda a súa dignidade e respecte os seus dereitos, veñan de onde veñan e sexan do país que sexan. Non perdemos a esperanza, pero isto é responsabilidade de todos e todas, alá desde onde esteamos, aquí en Vigo e tamén en Palestina, Ucraína, Sudán, Colombia ou Afganistán. Non nos podemos quedar quietos. Como dicía o Papa Francisco, “fagan lío”.

GRAZAS